

ALENTO

BOLETÍN DE ESTUDOS POLÍTECOS

Contén:

Ensaio pra unha teoría do galeguismo. —

P. Pedret Casado.

Os dereitos individuais nos Estados cesaristas. — *Augusto M.^a Casas.*

Consiñas aos bons galegos.

Informazóns.

*Pregare xiro a Hoye
2.^o semestre (2,50)*

Galiza

N.º 9

Marzal

1935

Prezo: dous reais

RG 7/1

Fardo Paíña Parda

Galegos: Consumide produtos da nosa Terra.
Bebede tostado

AVION

a marca que se acreditou loitando cos mellores
viños.

Unha copa de AVION siñifica galeguidade, ele-
ganza e bon gosto.



Usade sempre no voso fogar

Lámparas

IRIA

Son as mellores, as máis eco-
nómicas e as de máis
rendimento

LANAS PRA LABORES
COMPOSTELA



Calidás insuperables

Precios populares



Almacés DOLORES IGLESIAS
Cervantes, 18-19 :: SANT-IAGO

ENSAIO PRA UNHA TEORIA DO GALEGUISMO

Verbas limiares

Fai algúns anos xa que prometín mandar uns artigos sobre da miña maneira de ser rexionalista e de entender o galeguismo a «Galicia», xornal que entón saía á lus en Vigo. Encetéi axiña a escribir as cuartelas; mais, como tantos outros proieitos dos meus, apagóuse moi logo aquela labarada no frío desolador do meu crecente escepticismo pol-o que toca ás cousas humáns, e deixéi de seguer escribendo. Hoxe non teño tan siquera os borradores do comenzo. E sínto-o ben, porque cicáis co-a súa lectura tería unha nova ocasión de comprobar a consecuencia do meu espírito a pesar das novas ideas, dos moitos desenganos e dos grandes desgostos con que os anos foron enriquecendo a miña experiencia.

A política, que cando se leva á práctica ofrece sempre trances noxentos aos espíritos rectilíneos e amantes sinceros do pobo, espe-

cialmente dos humildes, é en teoría, unha ciencia dinísima e benfeitora, que os que teñen vocazón pra o seu estudo deben cultivar a pesar dos irremediabres fracasos e das radicás rectificazóns que todo teórico das ciencias morás sofre ao querer axeitar os seus pensamentos á masa inqueda dos homes. Sen a teoría o progreso é efímero e minúsculo, e nestes momentos cando están en crise os principios que serviron de eixo á civilización europea dendes de fai moitísimos séculos algúns deles, son convenientísimas as aportazóns meditadas desinteresadamente i-espostas con craridade e franqueza.

O galeguismo xustifico pol-as notas distintas das dos demáis pobos da Hespaña que nun cerne racial diverso deitóu no noso esprito a diferenza xeográfica e da historia interna da Galiza, aparece primeiro como un resentimento contra os desprezos doutros países da península nos grandes galegos do século das luces: Sarmiento, Seguíñ, o cura de Fruíme, Cornide... e despóis con toda concencia a meiaos do dezanove cando a inesgotable sucesión de loitas intestinas e o parcial fracaso dos liberás puros, moveron ao agarimo das antigas rexións, que una xerazón amotinada contra a historia, matinara en vano destruír. Os países con língua distinta da de Castela foron naturalmente os máis fortes na defensa dos seus dereitos. Mais non está aínda feito un estudo fondo das orixes destes movementos. Pol-o que ao noso toca nada hai en col dél publico. As simpáticas figuras dos nosos patriotas escritores, desprovistos de sinecuras a maoría, non foron pol-o de agora postas na debida lus que unhas ás outras se prestan. Por outro lado, pra facer desta época un capíduo da historia de Galiza, fainos falla un estudo concienzoso da nosa evolución literaria tamén aínda sen realizar.

O pensamento galego no que ten de caraterífstico, non ten sido obxeto de reflexións cuidadosas. A nosa belida Terra é infelicamente rural, cáseque toda. O digo con irreprimible pena, aínda convencido e tamén dorido das enormes miserias morás e materiás con que o exceso de urbanismo vai apodrecendo a civilización moderna, pois ésta sacrifica os homes do campo en holocausto do benestar das cidades. A pesar dos arrepiantes odios que viven no seo das grandes urbes, a oposición de intereses é máis brutal entre a cidade e o campo

que entre os acomodados e os indixentes daquela. A cultura, frol encantadora do espírito, medra hoxe agarimada pol-a riqueza só nos grandes círculos humáns, e de ahí que o exceso de ruralismo que a nosa Terra sofre, sexa un inmenso dano pra a sua vida.

Por ter unha grande cidade, por estar magnificamente situada Cataluña a carón de Franza e bañada pol-o lumioso mar histórico da civilización, o pensamento catalán, posto que con algúns pasaxeiros desmaios, mantívose vizoso a través dos séculos e a tradición catalana recollida tan exaitamente pol-o difunto bispo de Vich, Torras i Bagés, aparece viva e innegable diante da crítica máis exixente destes tempos.

Galiza en troques, alonxada das roitas históricas, cando a peregrinazón a Santiago, unha das causas do seu erguemento, comenzou a enrarecerse, cando a lediza do vivir humán foi formando círculos máis grandes de relacións económicas e sociás, ficou ausente ao divino correr da cultura. Os seus poucos homes sobresaíntes, Tomás de Lemos, Feixóo... recibían noutras terras o espaldarazo de cabaleiros da cencia, mais nin así aínda infruían no melloramento da sua desviada patria. Cando unha singular combinación de feitos produxo o momento brillante da cultura dos pobos de fala castelán, a nosa Universidade, recién creada daquela, non tomou parte nél, máis infelís a pesar do seu pomposo nome que o antigo Estudo de Xelmírez de onde saían mestres da Universidade de Bolonia. Había que agardar ao século XVIII en que desilusionada Hespaña diante das suas catástrofes políticas e das suas seguidas torpezas económicas, despedíase dos seus soños optimistas expresados nunha literatura de ouro, e buscaba cos seus grandes e pacientes eruditos os datos concretos e incontrastabres con que defender e aínda coñecer ela mesma as suas verdadeiras glorias, pra que fillos de Galiza aparecesen no elenco dos eminentes de Hespaña, avalados co acerbo dos seus coñecementos en col da nosa Terra e máis das outras e como guieiros asiados no desembrullamento da lenda negra que por descoñecernos botaran algúns fillos de Hespaña sobre de nós de unha maneira semellante á que Europa incomprendiva tecera sobre daquela, e programasen a inmorrente diferenza do noso espírito, a dinidade da nosa

doce lingoa e o inxusto desprezo con que nos trataban os que adoitaban mescullear as suas moifas desditas coas nosas, mais que nos afastaban en troques do reparto dos honores a que tanto como eles tíñamos dereito.

Os escritores galegos da primeira metade do pasado século: Verea Aguiar, o asisado historiador; Vicente Turnes, o popular cego poeta; Faraldo, o político; Pintos, o gran amador da Galiza e dos humildes; Vicetto, o novelista-historiador... son merecedores de un estudo fondo e relacionado se queremos saber ben como foi o despertar da nosa lingoa, tíduo o máis craro da persoalidade galega, dormida nos idilios dos cancioneros, e como encetou a contradecirse a infame división en provincias do ano 33 pol-os ansiosos de que non desaparece a persoa xurídica: Galiza.

Nada se fai de repente sumo, dí un libro sagro. E así o amor a Galiza comenzou a mostrarse no século XVIII pol-os mesmos sabidos galegos na lingoa predominante en Hespaña, e só algúns versos na nosa fala saíron dos seus beizos. Mais xa no século XIX a nosa lírica, que xa na Edade Media fora a manifestazón máis subríme da nosa poesía, está cáseque toda feita no doce idioma con que no fogar dende fai moito tempo de cote se aloumiñan os nosos paisanos e cuios deliciosos diminutivos i-expresivos xiros non puderon ende-xamáis desbotar da concencia os desleigados, e só as teorías, os estudos serios seguían sendo escritos en castelán. Era que non había tempo que perder; os nemigos eran moitos, as autoridades impostas por Madrid e os elementos de prestixio sociás contrarios. O modo de expresión era o de menos, o que máis importaba era a idea. Certo é que había que demostrar as diferenzas características e a dinidade dos galegos e que para elo conviña o uso da nosa lingoa, mais ésta estaba envalorecida pol-o abandono pr-as esgrimas do esprito. En troques felizmente o galeguismo xurdía da xenerosa entranza do pobo, desamparado de toda protección política, e neló levaba en sí o maor sino de forteza. Os directores do movemento iban merecer co tíduo de precursores que lles dou un deles, o aínda máis fermoso de héroes.

Cando no século que vivimos, na petada que soóu na ialma dor-

mida de Galiza dos nazonalismos irredentos encendidós de novo na fogueira da grande guerra, aprestáronse os galegos sentidores pra que figurase tamén a nosa Terra na ringleira dos pobos que teñen o deber de afirmar a súa persoalidade; era entón o intre —a pesar das deficiencias inevitabres que só o tempo e a forza dos escritores han ir suprimindo— de adicar a nosa fala aos sereos servizos do razonamento e da insinanza, pois non pode darse separazón entre a cultura e o saber vulgar, senón que aquéla debe empechar a éste como cerne, ou peca de ser sen ialma e por conseguinte estéril.

Amigo como son da igualdade posibre dos homes, encantado coa idea da Humanidade como un dos máis merecidos fins dos nosos amores terreos, ledaríame moitísimo que só houbese unha fala pra todos, aínda que o galego «como unha serenata pracenteiro, como unha noite de luar doctísimo» debese sucumbir, mais a uniformidade —soño xeneroso da ialma— é imposibre cultural e socialmente. Os idiomas son a complexa resultante do esprito, da educazón, da xeografía, do ambiente... e ir en contra deles é mutilar a parte máis esgrevia do ser humán. Ao cultivo das ciencias filosóficas en latín nas nazóns románicas, cicáis debamos imputar algo da súa inferioridade en frente de Alemaña pra estes estudos.

Mais nin siquera o desenrolo da cultura galega dende que xurden as «irmandades da fala» ata o presente foi estudado acuradamente, pra canto máis as influenzas que os homes do XIX tiveron nos de hoxe. Fállanos unha historia da cultura galega no século pasado en que teñan a debida representazón escritores meritimos, como Saco Arce, Valladares, Pérez Ballesteros, autores, hoxe aínda non superados, dos mellores traballos en col da nosa língoa, i-en que o valor dos talentos sexa desinteresadamente ponderado. Os estudos dos nosos pensadores non só dos que se adicaron á filosofía pura, senón aínda dos que discurriron sobre da economía, o dereito privado e público da nosa Terra, están total e infelicamente por facer.

Os anos derradeiros son de unha grande decadenza galega. Cando as «irmandades da fala» daban un pulo ao fervor e aos estudos galeguistas e amosaban novos e ilustres nomes, a que ten o deber de ser a máis outa instituzón de cultura da Galiza, a nosa Uni-

versidade, encetaba a sofrer os efectos cada ves máis crecentes da intromisión dos universitarios de Madrid que compoñen a «Institución Libre de Enseñanza». Denantes o caciquismo político enchera as cadeiras universitarias nosas de acredores políticos galegos; hoxe nomes como os de Sánchez Román, Jiménez de Asúa, Sánchez Albornoz, etc., etc., teñen máis sona que pol-a cencia, pol-a súa intervención na nova política xeral, e pol-o feito de ter sido axudantes seus moitos dos catedráticos novos. Cicáis debido á pouca vocación de pasar por aquel cargo os que estudaron nesta Universidade, hai que atribuír o que pol-o de agora, o ex-alumno máis xoven desta Facultade de Dereito, profesor nunha Universidade hespañola, ten hoxe 57 anos.

Mais estas desoladoras tristezas non nos deben afastar de expor a nosa opinión en col do galeguismo, o que faremos no artigo a seguir.

PAULINO PEDRET CASADO.

Santiago, Nadal 1934.

OS DEREITOS INDIVIDUALES NOS ESTADOS CESARISTAS

Os filósofos profundan no orixe do Estado para acadar isa razón espritoal que xustifica a eistencia da Sociedade, ise pulo interior do home como causa orixinaria da convivencia humán. Principio da filosofía sobre do coal as escolas foron deixando as máis diversas ideas. Xa foi perciso sistematizar a doutrina, i-esta ciencia, que nun principio foi unha parte do Dereito público, chegou a ter unha realidade especulativa na «filosofía do Estado» de Smend. Afondando máis, tivo remate nun xeito de metafísica, nas ideas máis herméticas encol da sociedade civilizada: do Estado.

Dende Rousseau, a comunidade, a primeira célula da Sociedade, tiña un abrente de formas alleas ao Dereito, millor dito, aquela primeira vida social carecía de normas ouxetivas e de ideas esenciaes sobre a razón que levóu aos homes a formar agrupación e núcleos comunales. Máis alá da cadea dos feitos políticos, a vida social carecía de formas, inda que na sua realidade máis nidia, o home, pol-os seus fins, arelaba o predicamento da vida por riba de total-as ideas.

«A derradeira raíz da concepción do mundo é a vida», ten dito Dilthey, e neste dogma político haberá que coutar a primeira razón do Estado. Na necesidade de vivir os homes con relacións mutuas está o xerme do Estado. A Cidade non precisóu para eistir, como forma política, máis que un desenrolo da aitividade do individuo. Dende os primeiros días do mundo até o noso tempo, o Dereito político anda precurando o Estado como artefacto, como organismo, necesario para a vida do home.

No cerne do feito político que diferenciou aos gobernados dos gobernantes, definición específica do Estado, latexa unha arela de vida e de superazón. A fin de contas todol-os pensadores e estadistas non buscan máis co Estado como cousa útil ao home, a máxica máquina humán que pode servir para realizar todol-os fins da vida. Non pode ser inmutabre unha sociedade donde o home sexa istrumento do home. «A persona non ten valor, ten dinidade», afirmou Kant, e todo xira ao redor do dereito do individuo fronte ó Poder ou Dereito do Estado.

Os pensadores danlle voltas á cabeza para atopar a espricazón do orixe do Estado. Que si foi o «paito social»; que si nacéu por obra e gracia do Espírito-Santo; que si a conquista, a guerra... O feito pudo ser de calquera xeito; evidentemente, o orixe do Estado está na «obedenza aos millóres». Houbo momentos na hestoria, en que a obedenza foi espontánea: a *comunidade*, que é anterior ao Estado. Pero cando isa *comunidade* sufréu a invasión de outros homes —tamén agrupados en comunidade—, tivo que prestar obedenza que lle era imposta pol-a comunidade domiñante. Iste feito é o nascimento da Sociedade e con ela o Estado. O estado nasce da violencia. Cando a vida política ten formas eispresas, aparece determinada a regra xurídica como norma ouxetiva, a regular a obedencia aos millóres ou aos máis fortes.

Mais daquela seleición dos homes nascería a domiñazón das castas. O individuo aparecía negado, pol-o número, pol-a moitedume, sumada na forza dos dirixentes.

Destonces xurde a necesidade de limitar a forza que impón a obedenza, de regular o Poder e definiir os dereitos do individuo. Aquela orgaizazón levaba camiño de negar o Estado, xa que non servía como istrumento de vida humán. No hourizonte do mundo apareseceron, por imperativo da vida, os dereitos do home e do cibdadán. Non podía o home perder a súa dinidade; un feito político d' extraordinaria importancia produxose na historia do mundo: a Revoluzón francesa.

O aítual réxime estatal, fillo lexítimo da Revoluzón francesa, está fundado sobre o individuo. Os estados xa teñen lei fundamental, a Constituzón, que non había de servir máis que para relembrar o orixe

do Estado, proclamando os Dereitos individuais e os dereitos políticos, fronte á máquina dirixente, o organismo gobernante, o Poder. E si o Poder fa a radicar na soberanía, ista producíase com' unha expresión xurídica do mito do Individuo. O Estado, como cousa distinta das que lle son propias ao home; o Estado, como orgaización democrática; o Estado, como ficción; o Estado, como instrumento ao servizo do home...

Mais, de novo, tivo o mundo un padecimento de invasión, que non eran de fora da sociedade, sinón que se producían dentro da sociedade mesma. Xa non había castas, pero aparecían as clases sociais profundamente diferenciadas, con fin distinto, con concepción diferente da vida, e cada unha d' elas había de empregar o esforzo á conquista do Estado para «reorgaizal-o» á sua maneira. Ista profunda conmoción pon en perigo de morte os dereitos individuais, para supeditar-os a unha necesidade extra-política, ao intrínseco da clase social domiñadora.

De todol-os principios do réxime constitucional, o que fa a sofrer máis fonda transformazón era o dos dereitos do individuo, os que proclamaban a dinidade da personalidade humán. O liberalismo, a través da socialdemocracia, aparecéu en crisis, en trance de morte, xa que por riba da persoa como valor espritoal aparecía a persoa como instrumento social. Negábase ó home libre baixo a utopía de dúas caras que afirmaba que o home non é completo máis que alí donde traballa. A Revoluzón Francesa fixera ao home libre, mais para se morrer de fame, e as escolas materialistas dende os postulados de Marx foron poñendo como principio esencial da orgaización do Estado, a necesidade de supeditar todol-os dereitos e deberes do home e do cidadán a unha obriga trascendental: traballar. O Estado clásico voltaba a dirixir toda a aitividade social; ningún aspecto da vida podería quedar ao marxe da obriga de traballar. O dereito político pasaba a ser unha ciencia social que tería por fin primeiro da sua disciplina o ordeamento do Traballo.

O Estado liberal, a Democracia e total-as belas ideas do Estado nascido da Revoluzón francesa, son para os pensadores máis arriscados, cousas inúteis, que habería que destruír para crear o Estado

novo axeitado ás necesidades da vida. Aquil Estado non servirá para o desenrolo dunha sociedade invadida, en guerra cos seus mesmos elementos, porque é un «artefaito» político sin senso social nin contido económico. O home, vivindo nise Estado, cheo de dereitos individuais e políticos, non podía vivir á maneira que as suas necesidades se multiplicaban. Nin as ideas relixiosas lle eran precisas, xa que se afogaba nun xeito de vida esencialmente materialista.

Unha volta ao clasicismo político levóu aos pobos a unha vida política craramente pagán, a construír o Estado á maneira da Roma de César, ao chamado Estado cesáreo, que xa era un «organismo». O mestre Ortega e Gasset, co seu linguaxe de filósofo vitalista, afirma que «Roma foi un organismo nacional». Ista forma de Estado pretende ser, no noso tempo, o gran tutor da sociedade organizada. A profecía de Spengler vai camiño de cumprirse: «No porvir os exércitos relevarán aos partidos políticos».

Pero, o Estado Cesarista, sin Liberdade, militarizando á sociedade, alonxándose da loita de clases, vai a caer nas guerras de conquista; fuxindo da escravitude das moitedumes, crea a escravitude da máquina, inda que os máis puros i-eisaltados nazionalistas axeiten os xestos épicos e brilantes. Da vida militarizada, nascerá fatalmente unha forma de Estado simplista e democrático, un *paito social*, que poña a dinidade do home a salvo da dictadura de clases ou de castas, e voltará a política como ciencia humanista a enxergar as maneiras máis nidias na vida civilizada. Os dereitos individuais, que apareceron escritos con sangue na parte dogmática de todas as Constitucións modernas, voltarán a dirixir a vida, niste abrente de sinxelo humanismo que se adiviña no gran fracaso dos estados cesaristas. A fin de contas, o Estado de César foi derruído por unhos homes con poucas pero cordiales ideas: o Cristianismo puxo no mundo a primeira pedra do Estado liberal e parlamentario.

Os pensadores humanistas, sacaron aos pobos da Edade Media para poñel-os nunha forma esencialmente política da vida. De ista segunda fase do Cristianismo, o dereito individual sacóu os máis trascendentales postulados. O mesmo Maquiavelo concebía o Estado sin cesáres e os seus principios asentaban unha democracia, inda que

Borgia adprendera de ruín maneira a ser Príncipe e condutor —ou condotiero— de moitedumes.

Dempóis da fase atual que comenza a latexar no mundo do Estado Cesarista, virá necesariamente unha forma política sinxela e humán. Frente ós estados militaristas —Alemaña e Rusia— co-as suas moitedumes militarizadas, virá un Estado patriarcal e fundamente democrático. Da guerra do porvir, verdadeiro tipo da guerra de propaganda, sairemos a unha vida feliz e de Dereito, mais non por retórico Tratado de Paz, sinón por un trascendental Paito Social en que todol-os homes de todol-os pobos convirán solememente un Estado en que os dereitos individuais sexan o seu Evanxelio.

Si o noso tempo é duro e amargo, diante d' istas moitedumes frenéticas que esquecen o senso humanista da vida, o porvir será un tempo ledo e sinxelo, de verdadeira solidariedade universal. Non precisamos dos deuses para axeitar o respecto mutuo e a convivencia social máis trascendente, nin dos discursos épicos nin das maneiras brillantes. Somentes do dereito individual, da mutua transixencia, será mester para que o Estado, nacido da violencia, sexa o organismo que faga realidade o principio kantiano: «A persoa non ten valor, ten dinidade».

AUGUSTO MARÍA CASAS.

Consiñas aos bons galegos

Compre eisaltar a cotío os nosos valores e facer por que se acentúe o coñecemento de nós mesmos.

Procurade o espallamento da nosa literatura e do noso arte: cando teñades que facer un regalo, que seña un libro galego, unha renda de Camariñas, louza de Cesures, etc. Procurai que pra as bibliotecas dos vosos casinos se merquen libros galegos.

Escribide aos vosos amigos, seña quen seña o destinatario, en galego.

Que en cada fogar galego teñan unha bandeira azul e branca.

Os que teñan gramófonos que merquen discos da nosa música.

Que o voso coarto recenda galeguidade: un retrato de Rosalía, de Pondal ou de Curros, fotos de paisaxes galegas, autógrafos de galegos insiñes, etc.

Que vosa piedade camiñe en vieiros galegos: os nosos santos —San Rosendo, San Paio, S. Pedro de Mezonzo, Sta. Eufemia— son os máis cativantes do mundo.

Mercade sempre produtos galegos, facede vosas mercadorías en tendas de galegos: o noso diñeiro debe ficar no noso país.

Orgaizade representazóns de teatro galego.

Os nosos inimigos maiores son os galegos desleigados; non-o esquezades. Combatídeos sen acougo, hastra aniquilalos. Bulrá-

devos sin piedade do señorito chirle que non quere falar na nosa língua: probádelle que non sabe falar castelán, demostrádelle a sua incultura, gabade seu orixen que ele infama cunha traizón.

* * *

Tarefa do intre: contribuir a promover suscrizóns pra os moimentos a Manoel Antonio (os envíos a Aquilino Iglesias Alvariño —Colexio León XIII—Vilagarcía) e a Pardo de Cela (envíos a M. García Barros—Redaizón do *Emigrado*—Estrada).

MAIS.

INFORMAZÓNS

A PANCADA ALEMÁN.—O día 16 Europa enteira estremecéuse escoitando o crebar estrepitoso do Tratado de Versalles. Alemaña esnaquízao desafiando á humanidade cunha nova guerra. O T. de V., no seu título V fixa pra Alemaña un eisército de vountarios de cen mil homes, dos cuaes poden contarse 4.000 oficiás. O Führer anuncia que o seu país se dispón a refacer o eisército enriba da base que xulgue máis comenente.

Agardábase o estrondo da decrarazón hitlerián. O artigo 8.º do Paito da Sociedade das Nazóns estabrecía a redución progresiva de armamentos; na Confrenza do Desarme de 1932 os alemáns pranteían o probrema da igualdade de armamentos, e a súa proposta é aceptada en principio. Mais alá no fondo ficaba a certidume de que aínda por algún tempo sería imposible artigoar un paito igualitário, e sobre esta certidume, a paixón desbordante de Hitler, o seu trunfo no Saar e a necesidade inevitabre de resolver un probrema interno de aloucada eiscitazón patrióteca, fixan esta aitude que estreméz á Europa na seguranza dunha loita impracabre que está a vir. Alemaña, siñataria do T. de V., esquece os seus compromisos i-enfía nidiamente o camiño da súa revancha. Alá vai a carta de garantía do mapa da nosa Europa e a espranza de que os pobos podan írese reaxustando en roda dos seus dereitos e anceios nazonás!

Qué consecuencias poden sobrevir? A serenidade do goberno inglés —que Franza na súa concenza acolle como unha deslealtade— evitou no íntre unha situazón de violencia que, certamente, dexeneraría nun estado de forza. Franza disponse o someter a rotura do Paito ao estudo da S. das N. por un recurso que xa foi posto en mans de Mr. Avenol. Resta que Renchdi Bey, presidente en eisercicio do Consello, fixe data pra a xuntanza na que os estados europeos xulgarán da aitude xermáneca.

Aos quince anos líquídase unha política —Wilson— que supuña a máis ardente arela de paz. A carreira de armamentos comenza. A di-

promacia texe as suas redes. Os pequenos pobos, que fan estrelando o mundo na lediza das suas vidas novas, virxens, amorosas, teñen siñada a sua sentenza de morte. Hitler espertou aos móstruos espantabres do Apocalipsis.

MARZAL.—O día 8 celebrouse o primeiro centenario do nacemento do insiñe filólogo Saco e Arce, autor da "Gramáteca Galega". A Universidade e o Seminario de Estudos Galegos ficaron en silencio. A data foi lembrada por "Heraldo de Galicia", de Ourense, que adicou ao mestre a sua primeira páxena.

◆ PAPEL DE COLOR, belísemo, agarímanos dende Mondoñedo cunha "Frol de diversos". Poemas de Rimbaud, Alvariño e Cunqueiro e unha fermosa tradución de profecías de R. Bacon. Ilustrazóns de Vidarte.

◆ Novamente aparéz RESOL, n.º 9, con versos de A. Machado, Ubieta, Valery, Dieste, Beaudelaire, Iglesias Alvariño, Rolán, Acuña, Iturburu e outros. Boa e leda antoloxía que enleva no corazón a esperanza.

◆ Un grupo de galegos —Losa, Pena, Del Valle— trunfa en Madride e atinxe cadeiras en difrentes Liceos.

◆ ULTREYA publica outro estupendo volume: biografías de "Galegos Insiñes".

◆ En Compostela homenaxéase cun xantar ao prof. Ulp. Villanueva, de Pontedeume, que conqueiriu unha cadeira na Facultade de Meiciña de Cádiz.

◆ Visitan Santiago o prof. Frontini e a maraviosa recitadora Moni Hermelo, de Bons Aires.

◆ No xornal "El Compostelano" polemizan longamentes o presb. Amor Naveiro e o prof. Alvaro das Casas. Este sostén que co-a casa de Austria coincide a decadencia das Hespañas; aquele rebáteo sostenendo que son os tempos das gróreas hespaños.

◆ Estréase en Madride, con grande éisito, unha ópera galega: "Ultreya". Letra de Cotarelo, música de Lousada e decorazóns do irmán Camilo Díaz Baliño.

REVISTAS.—SEARA NOVA, Lisboa, n.º 427. Orixinás de Adeoato Barreto, Antonio Sergio e Carlos Gide.

Núm. 428.—Traballos de José Regio, Lopes Graça, Emilio Costa e ilustrazóns de J. Pinto.

Núm. 429.—Un orixinal de R. M. L. en col da festa musical galega tida baixo a direición do insiñe profesor Rodríguez Lapa. Dóenos que o noso benquerido amigo, vello galeguista, caese en escribir un artigo en castelán na grande revista portuguesa. Erro indisculpable, dobre en quen como R. M. L. é home pra facer belas páxenas na nosa língoa. Outros traballos de Sant'Ana Dionisio e Augusto Casimiro.

Núm. 430.—Orixinás de Carlos Gide, Gurmendez e anacos de Leonardo de Vinci.

◆ REVISTA JURÍDICA DE CATALUNYA, vol. XL.—Encomenza a chegar a nós esta mañifeca revista. Contén estudos de Durán i Canyameres e G. Juliá Andreu, e a sentenza do Tribunal de Garantías en col da Ley de contratos de labouras do agro.

LIBROS.—A ILLA DE ONS, Alvaro das Casas.—Seminario de Estudos Galegos, 20 páxs., "Nós", 1935.

Un estudo compretísemo en col da illa das mágoas: histórea, arqueoloxía, folklore, etnografía e boas fotos ilustradoras. Consecuenza dunha xeira de bons froitos que podería sere imitada pol-os seus colegas galegos de profesorado. Neste traballo recóllense léndas de beleza mañifeca e apontamentos estadístecos do máis fondo intrés.

CAFÉ DERBY

HUÉRFANAS, 29

SANTIAGO



PROPIETARIO:

SANTIAGO SUÁREZ ORTOÑO



ONDE SE GOSTA

O MILLOR CAFÉ

: : DA CIDADE : :

: : : : : Os cafés

Astoria

impóñense pol-a
sua calidade e a
sua aroma : : : :

INSUSTITUIBRES NOS BONS CAFÉS

González Byass y Compañía

COÑAC

JEREZ Y

OPORTO

JEREZ DE LA FRONTERA



Coñac Antiquary